

2º EXERCICIO: PARTE ESPECIFICA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
 - 2.- Esta proba ten carácter eliminatorio. Este exercicio consta de dúas partes diferenciadas: un primeiro cuestionario con 50 preguntas teóricas tipo test con 5 de reserva (E51 á E55), que deberán ser contestadas a continuación do recadro “Específico Parte teórica” entre os números E1 e E55 e un segundo cuestionario de 50 supostos prácticos tipo test con 5 de reserva (E106 á E110), que deberán ser contestados a continuación do recadro “Específico Parte práctica” entre os números E56 e E110 da “FOLLA DE RESPOSTAS”.
 3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **180 minutos**.
 - 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
 - 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na “FOLLA DE RESPOSTAS” é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
 - 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
 - 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.
- Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
 - 9.- Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advirtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a “FOLLA DE RESPOSTAS”, no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame. Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Indica a resposta correcta con relación ás fórmulas maxistrais:

- A) A diferenza dos medicamentos comerciais non precisan prospecto.
- B) A prescrición médica é imprescindible para a súa dispensación.
- C) Só poderanse elaborar se están descritas no Formulario Nacional.
- D) Todas son incorrectas.

2. Para a administración de fármacos ou nutrición enteral a longo prazo (maior de 8 semanas) en pacientes con dificultade de deglución crónica e tracto gastrointestinal funcional, escollería a vía de administración:

- A) Nasoduodenal.
- B) Intravenosa.
- C) Nasogástrica.
- D) Percutánea mediante ostomía a nivel do estómago (PEG).

3. Sinale a verdadeira:

- A) A ficha técnica é a información escrita dirixida ao paciente ou usuario que acompaña ao medicamento.
- B) O prospecto é o documento aprobado pola Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios, onde se reflexan as condicións de uso autorizadas para o medicamento e recolle a información científica esencial para os profesionais sanitarios.
- C) Acondicionamento primario é o envase ou calquera outra forma de acondicionamento que se encontre en contacto directo co medicamento.
- D) Acondicionamento secundario é o embalaxe adicional que necesitan os medicamentos que se deben protexer da luz.

4. A nova lexislación sobre farmacovixiancia na Unión Europea establece un seguimento adicional da seguridade de certos medicamentos, que se identificarán na ficha técnica e no prospecto con:

- A) Un triángulo negro invertido acompañado da lenda "este medicamento está suxeito a seguimento adicional".
- B) Un cadrado negro acompañado da lenda "este medicamento está suxeito a seguimento adicional".
- C) Un círculo negro acompañado da lenda "este medicamento está suxeito a seguimento adicional".
- D) Un triángulo amarelo acompañado da lenda "este medicamento está suxeito a seguimento adicional".

5. Asegurar unhas condicións ambientais e de seguridade óptimas na conservación de medicamentos é unha responsabilidade que corresponde ao Servizo de Farmacia. Algúns dos factores ambientais a ter en conta nun almacén de farmacia son:

- A) A luz solar: débese evitar a luz directa sobre os medicamentos.
- B) A humidade: afecta máis aos produtos químicos e materias primas.
- C) A temperatura de conservación sempre debe estar entre 20–22 graos centígrados.
- D) Son correctas a A e a B.

6. Segundo a LEI 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica de Galicia, cal dos seguintes NON sería un establecemento ou servizo de atención farmacéutica de dispensación?:

- A) As oficinas de farmacia.
- B) Os servizos de farmacia de atención primaria, os dos hospitais, os dos centros de asistencia social que presten asistencia sanitaria específica e os dos establecementos psiquiátricos.
- C) Os botiquines de medicamentos e produtos sanitarios.
- D) Todos os anteriores serían establecementos ou servizos de atención farmacéutica de dispensación.

7. Respecto á devolución de especialidades farmacéuticas que conteñen estupefacientes da Lista I do convenio de estupefacientes:

- A) Os lotes de especialidades farmacéuticas que conteñan substancias da lista I do Convenio Único de Estupefacientes de 1961 non son utilizables en terapéutica transcurrido o prazo de validez.
- B) Os exemplares correspondentes aos lotes caducados deberán ser devoltos ao laboratorio titular do rexistro ou destruídos con autorización do Servizo Provincial de Farmacia correspondente.
- C) A destrución dos exemplares caducados efectuarase en presenza dos Servizos Provinciais de Farmacia co levantamento da acta correspondente.
- D) Todas as anteriores son correctas.

8. Indique cal é a área da farmacia hospitalaria na que se leva a cabo a individualización e optimización do tratamento dos pacientes mediante a unión do coñecemento científico da cinética dos fármacos e das concentracións que estes alcanzan en cada paciente:

- A) Unidade de farmacodinamia clínica.
- B) Unidade de farmacotecnia.
- C) Unidade de farmacocinética clínica.
- D) Unidade de mesturas intravenosas.

9. Cal dos seguintes materiais NON forma parte do acondicionamento primario dun medicamento?

- A) Vidro.
- B) Materiais plásticos.
- C) Cartón.
- D) Metais.

10. Sinale a verdadeira sobre os riscos relacionados cos axentes biolóxicos:

- A) Os axentes biolóxicos son microorganismos que só causan infeccións.
- B) Os fungos non están dentro dos axentes biolóxicos.
- C) Non é necesario tomar medidas preventivas fronte a estes axentes, como prohibir comer, fumar ou beber nas zonas de traballo.
- D) Os axentes biolóxicos divídense en catro grupos de risco en función do seu grao de virulencia, facilidade de propagación, gravidade así como eventuais tratamentos profilácticos ou curativos.

11. Para a elaboración dunhas cápsulas de fenitoína de 25 mg, cal das seguintes situacións debería evitarse?

- A) Contaminación cruzada.
- B) Pesada incorrecta.
- C) Falta de homoxenización.
- D) Todas as anteriores.

12. Indique cal dos seguintes produtos sanitarios se correspondería co maior risco segundo o RD 1591/2009 no que se regulan estes produtos:

- A) Válvulas cardíacas.
- B) Xiringas.
- C) Sondas urolóxicas.
- D) Luvas de exame.

13. Que unidades de medida utilízanse habitualmente para expresar a concentración dunha forma farmacéutica semisólida (cremas, pomadas, etc.)?

- A) mg/mL
- B) g/100g
- C) mg/100g
- D) Todas son correctas

14. Sinale a correcta sobre as siglas do cartonaxe:

- A) DH: Especialidade de uso hospitalario.
- B) TLD: tratamento de libre dispensación.
- C) EFP: especialidade farmacéutica publicitaria.
- D) ECM: especial coidado médico.

15. As temperaturas de conservación son (sinale a correcta):

- A) Temperatura ambiente: comprendida entre 15–30 graos centígrados. Debe controlarse termostáticamente en torno aos 22 graos.
- B) Refrixerado: lugar frío con temperatura comprendida entre 2–8 graos centígrados (frigorífico).
- C) Conxelación: lugar que mantén a temperatura entre –10 e –20 graos centígrados.
- D) Todas as anteriores son correctas.

16. Indique, segundo o recollido no Real Decreto 175/2001, do 23 de febreiro polo que se aproban as normas de correcta elaboración e control de calidade de fórmulas maxistras e preparados oficinales, cal dos seguintes datos NON constará como mínimo na etiquetaxe das materias primas:

- A) Data de caducidade ou, no seu defecto, do próximo control analítico.
- B) Nome da materia prima, expresada en D.O.E. ou, no seu defecto, en D.C.I.
- C) Forma farmacéutica e vía de administración.
- D) Cantidade e riqueza.

17. A disposición individualizada á que se adaptan os fármacos e excipientes para constituír un medicamento denomínase:

- A) Forma galénica.
- B) Forma de dosificación.
- C) Forma farmacéutica.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

18. Cal é a función principal do material de acondicionamento?

- A) A protección do medicamento para garantir a correcta conservación.
- B) Identificación inequívoca do medicamento.
- C) Proporcionar información suficiente para garantir a correcta utilización do medicamento.
- D) Todas son correctas.

19. Entre os factores que afectan á absorción de medicamentos por vía oral están:

- A) A presenza de alimento.
- B) A velocidade de vaciamento gástrico.
- C) A forma farmacéutica.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

20. Entre os factores que poden afectar á estabilidade e caducidade dunha fórmula maxistral, cal das seguintes afirmacións NON é correcta?:

- A) Luz.
- B) Temperatura.
- C) Microorganismos.
- D) Todas son correctas.

21. Segundo a Lei de garantías e uso racional do medicamento, son considerados medicamentos especiais (sinale a falsa):

- A) O sangue e o plasma.
- B) As vacinas e demais medicamentos biolóxicos.
- C) Os medicamentos de terapia avanzada.
- D) Os radiofármacos.

22. En relación ao control de calidade dun medicamento reenvasado en dose unitaria, a ficha de rexistro do medicamento debe conter como mínimo a seguinte información :

- A) Nome do medicamento, principio activo, dose, lote e caducidade do reenvasado.
- B) Nome do medicamento, principio activo, dose, lote, caducidade do medicamento e caducidade do reenvasado.
- C) Data do reenvasado. Nome do medicamento, principio activo, dose, lote, caducidade do medicamento e caducidade do medicamento reenvasado. Excipientes de declaración obrigatoria, firma do técnico, firma do farmacéutico responsable e unha unidade do medicamento reenvasado.
- D) Data do reenvasado. Nome do medicamento, principio activo, dose, lote, caducidade do medicamento e caducidade do medicamento reenvasado. Excipientes de declaración obrigatoria, firma do técnico, firma do farmacéutico responsable e unha unidade do material de acondicionamento do reenvasado. Non fai falta incluír o medicamento.

23. Sinale cal das seguintes afirmacións é incorrecta en relación ao peche do envase dun medicamento.

- A) É un elemento de protección do medicamento.
- B) Forma parte do acondicionamento primario.
- C) Ten a función de selar o recipiente.
- D) Non forma parte do acondicionamento. É un elemento externo.

24. A caducidade dunha fórmula maxistral depende:

- A) Da estabilidade físico-química dos seus compoñentes.
- B) Da estabilidade microbiolóxica.
- C) Da caducidade das materias primas que a compoñen.
- D) Todas son correctas.

25. Que tipo de fórmulas maxistrais clasifícanse coas siglas O/W e W/O?

- A) Solucións.
- B) Emulsións e cremas.
- C) Suspensións.
- D) Ningunha das anteriores.

26. Sinale cales son algúns dos principios básicos do SINASP:

- A) Notificación obrigatoria.
- B) Confidencialidade da información.
- C) Análise para a aprendizaxe e a implementación de melloras para a seguridade do paciente.
- D) B e C son correctas.

27. Os profesionais sanitarios teñen o deber de comunicar con celeridade ás autoridades sanitarias ou aos centros especializados que aquelas designen, os efectos adversos que puidesen ter sido causados polos medicamentos, mediante:

- A) O Cartón amarelo.
- B) O SINAPS.
- C) A e B son correctas.
- D) A e B son incorrectas.

28. Sinale a falsa:

- A) As especialidades farmacéuticas publicitarias son de dispensación con receta e levan as iniciais EFP xunto ao código nacional.
- B) As especialidades farmacéuticas de uso hospitalario, teñen o seu uso restrinxido exclusivamente ao medio hospitalario e levan a H xunto ao código nacional.
- C) Os medicamentos xenéricos deberán designarse cunha denominación oficial española de principio activo e, no seu defecto, coa denominación común internacional ou ben, se esta non existise, coa denominación común usual ou científica de dita substancia, acompañada no seu caso do nome ou marca do titular ou fabricante.
- D) Os medicamentos xenéricos poderán denominarse cunha marca sempre que non poda confundirse cunha denominación oficial española ou unha denominación común internacional, nin inducir a erro sobre as propiedades terapéuticas ou a natureza do medicamento.

29. A cadea epidemiolóxica das enfermidades infecciosas está composta por:

- A) Virus, bacterias e fungos.
- B) Fonte de infección e reservorio.
- C) Virus, bacterias e homes portadores.
- D) Fonte de infección, hóspede e o mecanismo de transmisión.

30. Sinale que forma farmacéutica NON debe ser fraccionada, triturada ou machucada:

- A) Comprimidos sublinguais.
- B) Formas farmacéuticas de liberación controlada.
- C) Formas farmacéuticas de cuberta entérica.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

31. En relación coa liofilización dun produto farmacéutico, indica cal das seguintes afirmacións é correcta:

- A) Eliminar o contido de auga.
- B) Conservar o medicamento.
- C) É un proceso idóneo para substancias termolábiles.
- D) Todas as afirmacións son correctas.

32. Os residuos clase III e IV recolleranse en recipientes adecuados ao tipo de residuos e ao punto de produción, e que cumpran as seguintes características excepto:

- A) Ríxidos, de libre sustentación e provistos de peche hermético.
- B) Opacos, permeables e resistentes á humidade.
- C) Resistentes á perforación interna ou externa.
- D) Composición que garanta que na súa destrución se eviten ou minimicen as emisións tóxicas.

33. Un laboratorio de Farmacotecnia terá dúas zonas perfectamente diferenciadas cando se elaboren:

- A) Fórmulas orais e tópicas.
- B) Fórmulas orais, tópicas e parenterais.
- C) Só se elaboren fórmulas para administración parenteral.
- D) Fórmulas orais e rectais.

34. Sinale a falsa. Para previr riscos na preparación de citostáticos é necesario tomar medidas como:

- A) Centralizar a preparación de citostáticos.
- B) Utilizar cabinas de seguridade biolóxica adecuadas.
- C) A área onde se sitúe a cabina de seguridade biolóxica debe estar baixo presión positiva.
- D) Utilizar equipos de protección individual adecuados.

35. En que situacións debe esterilizarse o material de vidro do laboratorio?

- A) Cando se recepciona por primeira vez do fabricante.
- B) Cando se utiliza para a elaboración de colirios.
- C) Cando se utiliza para a elaboración de fórmulas maxistrais orais líquidas para pacientes pediátricos.
- D) Todas son correctas.

36. Indique cal dos seguintes é un sistema de dispensación de medicamentos implantado en hospitais galegos:

- A) Sistema de dispensación de medicamentos en dose unitaria (SDMDU).
- B) Sistema de dispensación por reposición e paciente.
- C) Sistema de dispensación por stock en unidade de enfermaría.
- D) Todas as anteriores.

37. Dos seguintes dispositivos, cal NON utilizaría para a administración de fármacos en inhalación:

- A) Infusor elastomérico.
- B) Nebulizador.
- C) Aerosol presurizado.
- D) Cámara de inhalación.

38. Defínese saúde como:

- A) Ausencia de alteracións fisiolóxicas.
- B) Benestar físico, psíquico e social.
- C) Ausencia de enfermidade.
- D) Integración da persoa na sociedade.

39. As actividades de farmacovixilancia teñen como obxectivos:

- A) Identificar reaccións adversas a medicamentos (RAM) e cuantificar os seus riscos.
- B) Explicar o curso do fármaco, cuantificando todos os procesos que se producen.
- C) Tomar medidas reguladores e informar aos profesionais sanitarios e ao público das RAM.
- D) A e C son correctas.

40. Indique cal das seguintes áreas debe estar situada nunha zona diferenciada do Servizo de Farmacia Hospitalaria:

- A) Unidade de dispensación a pacientes ambulatorios.
- B) Unidose.
- C) Área de produtos parafarmacéuticos.
- D) Unidade de mesturas intravenosas.

41. Son indicadores de saúde:

- A) A esperanza de vida.
- B) Anos de vida saudables.
- C) A mortalidade por enfermidades cardiovasculares.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

42. A necesidade de monitorizar farmacocinéticamente determinados medicamentos esta claramente xustificada nos seguintes casos:

- A) Fármacos cun índice terapéutico pequeno.
- B) Fármacos con dificultade para valorar clínicamente a súa eficacia ou toxicidade.
- C) Fármacos con acusada variabilidade no seu comportamento cinético.
- D) Todas as anteriores son certas.

43. Cal sería o protocolo a seguir para a elaboración dunhas cápsulas de xelatina dura?

- A) Pesar, tamizar, pulverizar e homoxeneizar.
- B) Pesar, pulverizar, tamizar e homoxeneizar.
- C) Pesar, pulverizar, filtrar e tamizar.
- D) Pesar, pulverizar, tamizar e filtrar.

44. Que formas farmacéuticas non poderían elaborarse na zona do laboratorio de preparacións NON estériles?

- A) Solucións orais líquidas para pacientes pediátricos.
- B) Pomada oftálmica.
- C) Solucións antisépticas.
- D) Ningunha das anteriores podería elaborarse na zona Non estéril.

45. Unha oficina de farmacia ou servizo de farmacia hospitalaria que teña recoñecido e autorizado o nivel de elaboración II, poderá preparar as seguintes fórmulas maxistrais:

- A) Colirios e pomadas oftálmicas.
- B) Colirios, pomadas oftálmicas e cápsulas.
- C) Cápsulas e formas farmacéuticas tópicas.
- D) Formas farmacéuticas tópicas, xaropes, solucións, suspensións por vía oral e formas rectais líquidas.

46. Importante para garantir a saúde e o benestar para as persoas son:

- A) A hixiene persoal.
- B) A hixiene mental.
- C) A hixiene na escola.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

47. De acordo co Real Decreto 1718/2010, do 17 de decembro, sobre receita médica e ordes de dispensación, as ordes de dispensación hospitalaria:

- A) En cada orde de dispensación hospitalaria poderanse prescribir un ou varios medicamentos e un ou varios envases dos mesmos.
- B) Poderán emitirse en soporte papel, para cumprimentación manual ou informatizada, pero nunca en soporte electrónico.
- C) Unha vez dispensadas, o médico prescriptor deberá conservar as ordes de dispensación durante polo menos 3 meses, garantindo a súa seguridade, correcta conservación e confidencialidade.
- D) As ordes de dispensación hospitalaria deberán ser destruídas polo farmacéutico de forma inmediata tras a súa dispensación, utilizando métodos que garantan a imposibilidade da reconstrución do documento.

48. Sinale a definición de Hospital de Día:

- A) A asistencia no hospital durante unhas horas, xa sexa para diagnósticos, investigacións clínicas e/ou exploracións múltiples, así como para tratamentos que non poden facerse na consulta externa, pero que non xustifican a estancia completa en hospital.
- B) É unha forma de asistencia que ten como fin acurtar ou evitar as estancias dun paciente no hospital mediante a asistencia do paciente no seu domicilio, cubríndose as súas necesidades sanitarias desde o hospital.
- C) Instalacións especializadas en terceira idade, onde un equipo de profesionais ofrece servizos de prevención, tratamento e coidado das persoas maiores.
- D) Todas as anteriores son correctas.

49. Segundo a LEI 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica de Galicia, quen será o responsable das actividades técnico-sanitarias que se desenvolvan nos centros de distribución?

- A) Xerente do centro de distribución.
- B) Técnico de control de calidade.
- C) Director técnico farmacéutico.
- D) Calquera dos anteriores.

50. Segundo a Lei de Autonomía do paciente (41/2002 do 15 de Novembro), cal das seguintes respostas sería correcta con respecto ao consentimento informado?:

- A) O consentimento será escrito por regra xeral.
- B) O paciente unicamente poderá revogar o seu consentimento ata 24 horas antes da realización do procedemento.
- C) Baixo ningunha circunstancia os facultativos poderán levar a cabo intervencións clínicas sen contar co consentimento do paciente.
- D) En caso de intervencións cirúrxicas, procedementos diagnósticos e terapéuticos invasores e, en xeral, aplicación de procedementos que supoñen riscos ou inconvenientes de notoria e previsible repercusión negativa sobre a saúde do paciente, o consentimento prestarase por escrito.

51. Entre a utillaxe de laboratorio de Farmacotecnia, cal dos seguintes materiais NON se utiliza para medir volumes de líquidos?:

- A) Matraz aforado.
- B) Probeta.
- C) Vaso de precipitados.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

52. Dentro das diferentes zonas de almacenamento do Servizo de Farmacia, adoitan estar (sinale a falsa):

- A) Cámaras frigoríficas que nos permiten almacenar medicamentos cuxa conservación oscile entre 2–8 graos centígrados.
- B) Armario de estupefacientes: a lexislación obriga á súa custodia baixo chave.
- C) Armario de psicótopos: a lexislación obriga á súa custodia baixo chave.
- D) Almacén ou armario de ensaios clínicos.

53. Sinale a resposta incorrecta con respecto aos medicamentos en ensaios clínicos:

- A) Segundo o protocolo do estudo poderían dispensarse directamente ao paciente.
- B) En todos os ensaios clínicos debe informarse sempre ao paciente da composición exacta do medicamento dispensado.
- C) Segundo o protocolo do estudo poderían dispensarse directamente ao investigador.
- D) Todas as anteriores son correctas.

54. A inxección intravítrea é unha forma farmacéutica de administración por vía:

- A) Intrauterina.
- B) Intravenosa.
- C) Intraocular.
- D) Intradural.

55. Para a administración segura de medicamentos, falamos dos 5 correctos no momento da administración. Sinale cal NON sería un deles.

- A) Medicamento correcto.
- B) Paciente correcto.
- C) Dose correcta.
- D) Hixiene de mans.

56. É habitual a monitorización de concentracións séricas dos seguintes fármacos (sinale a falsa):

- A) Fenitoína.
- B) Digoxina.
- C) Litio.
- D) Tramadol.

57. Os parabenos tamén coñecidos como p-hidroxibenzoatos son excipientes que se utilizan como:

- A) Saborizantes.
- B) Solubilizantes.
- C) Conservantes.
- D) Ningunha das anteriores.

58. Produciuse a rotura dun vial de fluoracilo, medicamento citostático, os residuos deben xestionarse segundo a súa clase, sinálea:

- A) Clase II.
- B) Clase III.
- C) Clase IV.
- D) Clase V.

59. María é unha técnica en farmacia que vai desenvolver por primeira vez a súa actividade nun servizo de farmacia dun hospital. Segundo a LEI 5/1999, do 21 de maio, de Ordenación Farmacéutica de Galicia, cal das seguintes NON sería unha función para desenvolver polo devandito servizo de farmacia?

- A) Elaborar, de acordo coas normas de correcta fabricación, fórmulas maxistras e preparados oficinais e a súa posterior dispensación individualizada.
- B) Colaborar no establecemento dun sistema de seguimento e control do uso individualizado dos medicamentos, a fin de detectar os seus posibles efectos adversos e notificarllos ao sistema de farmacovixilancia.
- C) Establecer un sistema de dispensación de medicamentos que favoreza a atención farmacéutica individualizada e permita un seguimento integrado da terapéutica do paciente.
- D) Todas as anteriores serían funcións dun servizo de farmacia hospitalaria.

60. Cal dos seguintes medicamentos non se considera de Alto Risco?

- A) Insulina SC e IV.
- B) Cloruro de sodio hipotónico.
- C) Nitroprusiato sódico IV.
- D) Sulfato de magnesio IV.

61. Dos materiais plásticos que citamos a continuación, cal sería o máis axeitado para envasar unha emulsión de nutrición parenteral?

- A) Etilvinilacetato (EVA).
- B) Cloruro de polivinilo (PVC).
- C) Dietilhexilftalato (DEHP).
- D) Ningún dos anteriores.

62. Cal das seguintes siglas NON está incluída nun cupón precinto?

- A) ECM
- B) TLD
- C) FM
- D) EFG

63. Estamos a participar no deseño do plano do futuro Servizo de Farmacia, que se traslada a outra zona do hospital. Para a zona de recepción de pedidos é recomendable que se cumpra (sinale a falsa):

- A) Estar situada o máis preto posible á zona de descarga.
- B) É aconsellable que estea na planta baixa, con acceso directo á rúa e a zonas de descarga habilitadas no posible só para o Servizo de Farmacia.
- C) Terá unha zona na que se colocará a mercancía ata a súa revisión, confirmación e posterior colocación de acordo cos diferentes almacéns establecidos.
- D) É obrigatorio que estea xunto á unidade de xestión de compras.

64. Cal dos seguintes medicamentos NON sería candidato para reenvasar en dose unitaria nunha máquina reenvasadora?:

- A) Medicamentos higroscópicos.
- B) Medicamentos efervescentes.
- C) Citostáticos orais.
- D) Todos os anteriores.

65. Cal das seguintes fórmulas maxistrais é un sistema disperso homoxéneo?

- A) Solución de captoprilo 1 mg/mL
- B) Suspensión de espirolactona 5 mg/mL
- C) Emulsión O/W de urea al 10%
- D) Ningunha das anteriores.

66. A un paciente en coma hiperglucémico administraráselle insulina de acción rápida. Para un acceso inmediato do medicamento ao torrente sanguíneo utilizarase a vía:

- A) Intradérmica.
- B) Intravenosa.
- C) Subcutánea.
- D) Intramuscular.

67. Na elaboración dun medicamento estéril, cal sería o último paso a realizar con relación á vestimenta e hixiene persoal?

- A) Hixiene de mans.
- B) Colocación de luvas estériles.
- C) Colocación de calzas.
- D) Colocación de mascarilla.

68. Durante o proceso de reposición de medicamentos dun botiquín de urxencias nunha planta de hospitalización que ten implantado o sistema de dispensación en dose unitaria atopámonos con varios medicamentos termolábiles. Isto implica:

- A) Nunha planta que ten implantado o sistema de dispensación en dose unitaria os medicamentos termolábiles nunca poderán formar parte do botiquín de urxencias.
- B) A reposición dun medicamento termolábil para un botiquín de urxencias realizarase sempre con prescripción médica previa para un paciente concreto.
- C) Estes medicamentos requiren conservación en frigorífico.
- D) Todas as anteriores son correctas.

69. Durante o proceso de etiquetaxe dunha fórmula maxistral, o tamaño do envase non nos permite incluír no acondicionamento primario todos os datos que establece o Real Decreto 175/2001, do 23 de febreiro, polo que se aproban as normas de correcta elaboración e control de calidade de fórmulas maxistrais e preparados oficinais, como obrigatorio naqueles envases con dimensións suficientes para conter todos os datos recollidos en devandito Real Decreto. Nese caso de cales dos seguintes datos poderíamos prescindir no acondicionamento primario?

- A) Nome e número de colexiado do facultativo-prescriptor, para as preparacións que precisen receita.
- B) Data de elaboración e prazo de validez ou data de caducidade.
- C) Advertencia: mantéñase fóra do alcance dos nenos.
- D) As respostas a e c son correctas.

70. A un paciente pediátrico de 10 kg de peso prescríbesele Ibuprofeno en solución oral á dose de 30 mg/kg/día repartidos en 3 tomas. Se a solución oral deste medicamento ten unha concentración de 40 mg/mL. Que volume debe recibir en cada toma?

- A) 1,25 mL
- B) 2,5 mL
- C) 3 mL
- D) 5 mL

71. Dentro dos programas do Servizo Galego de Saúde (SERGAS) para a promoción da saúde atopamos:

- A) Programa XERMOLA contra a obesidade infantil.
- B) Programa de detección precoz do cancro colorrectal.
- C) Programa galego para a detección de enfermidades endocrinas e metabólicas en período neonatal.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

72. Durante o proceso de dispensación dun produto biocida, o farmacéutico pídennos que comprobemos que a súa etiquetaxe é correcta. Segundo o Regulamento (UE) N° 528/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de maio de 2012, relativo ao uso e comercialización dos biocidas, cal dos seguintes datos deberá mostrar a etiquetaxe?

- A) Identidade de todas as substancias activas e a súa concentración en unidades métricas.
- B) Instrucións de uso, frecuencia de aplicación e dosificación, expresadas en unidades métricas de modo significativo e comprensible para os usuarios, para cada utilización contemplada na autorización.
- C) Datos sobre os efectos adversos probables, directos ou indirectos, e instrucións de primeiros auxilios.
- D) Todos os anteriores.

73. Cantos mL de auga habería que medir para elaborar unha crema de Lidocaína 5 % coa seguinte composición?: Base O/W... 25 g. Glicerina... 5 g. Lidocaína... 5 g . Auga purificada c.s.p... 100 g (Nota : 1 g de auga = 1 mL).
- A) 100 mL
 - B) 65 mL
 - C) 50 mL
 - D) Ningunha das anteriores.
74. Un paciente insulino dependente demanda información sobre como conservar o seu cartucho de insulina. É falso que:
- A) O cartucho debe gardarse na neveira, habitualmente entre 2° e 8° C.
 - B) Cando viaxe en avión pode gardalo na súa equipaxe de bodega porque acádanse temperaturas moi baixas.
 - C) Cando viaxe en coche evite coller temperaturas moi altas e conséveo en bolsa isotérmica.
 - D) O cartucho que está a utilizar pode mantelo fóra de neveira cando a temperatura do recinto non supere os 25°-30°C. e protexido da luz.
75. Cal dos produtos seguintes non se utiliza para desinfección no laboratorio?
- A) Clorhexidina 0,5%
 - B) Alcol 70°
 - C) Fenol
 - D) Alcol isopropílico
76. Se queremos buscar un determinado antibiótico oral no catálogo de medicamentos do consello xeral de colexios oficiais de farmacéuticos segundo a clasificación anatómica, terapéutica e química (ATC), este atoparase no grupo:
- A) J
 - B) A
 - C) G
 - D) H
77. Na recepción de mercancías destinadas ao Servizo de Farmacia, algunhas das funcións a realizar son (sinale a falsa):
- A) Comprobar co transportista que o Servizo de Farmacia é o destinatario dos paquetes e o número de paquetes co albará de entrega do transportista.
 - B) Comprobar a integridade dos paquetes.
 - C) Comprobar o contido das caixas cos albarás do laboratorio.
 - D) Non é necesario comprobar as condicións de conservación.
78. A OMS sinala como medida máis importante para previr a infección nosocomial a hixiene de mans. Na técnica de lavado de mans con auga e xabón é incorrecto:
- A) Mollar as mans e aplicar suficiente xabón.
 - B) Comezar fregando as palmas das mans entre sí.
 - C) Secar as mans con toalla de un só uso.
 - D) Pechar o grifo directamente coa superficie das mans.

79. Segundo o Decreto 38/2015, do 26 de febreiro, de residuos sanitarios de Galicia, sinala a falsa:

- A) O papel e o cartón son residuos clase IIB, residuos domésticos.
- B) Os residuos de medicamentos caducados distintos dos especificados na clase IV, son residuos clase IIa. Residuos específicos da actividade sanitaria.
- C) Os residuos de citotóxicos e citostáticos son residuos clase IV. Débense entregar a un xestor de residuos destinados ao seu tratamento.
- D) Os residuos de nutrición parenteral que non pertencen a ningunha das clases de residuos considerados perigosos, poderán eliminarse mediante vertedura por un desaugadoiro conectado á rede de saneamento do centro sanitario, sempre que se cumpran as condicións establecidas nas correspondentes ordenanzas municipais e normas adicionais de aplicación, mantendo as medidas preventivas que correspondan.

80. Unha crema de hidrocortisona 3% contén:

- A) 3 mg de hidrocortisona en 100 g de crema.
- B) 3 g de hidrocortisona en 100 g de crema.
- C) 3 g de hidrocortisona en 100 mL de crema.
- D) 0,3 g de hidrocortisona en 100 mL de crema.

81. Para a hixiene bucal dun paciente se empregamos unha solución hidroalcohólica estaremos a falar da seguinte forma farmacéutica:

- A) Elixir.
- B) Xarope.
- C) Emulsión.
- D) Linimento.

82. Durante o proceso de asistencia ao farmacéutico na atención ao paciente ambulatorio dispénsase un citostático oral. Cal das seguintes recomendacións ao paciente non se consideraría correcta neste tipo de fármacos?

- A) O paciente non tería que preocuparse dos efectos adversos, xa que a vantaxe dos citostáticos orais é que sempre producen menos efectos adversos que a quimioterapia intravenosa.
- B) Lavarse as mans antes e despois de manipular a medicación.
- C) As excretas de pacientes que recibisen determinados antineoplásicos poden conter restos destes fármacos e/ou dos seus metabolitos ata varios días despois da administración.
- D) Se o paciente ten problemas de deglución, consultar a posibilidade de elaborar unha dispersión ou unha disolución, ou a existencia de formas orais que se adapten mellor ás súas necesidades.

83. Ao ler o prospecto dun medicamento, que se elabora de acordo co contido da ficha técnica, non atoparemos:

- A) Identificación do medicamento e titular da autorización.
- B) Instrucións para a súa administración, emprego e conservación.
- C) Número de lote de fabricación.
- D) Efectos adversos, interaccións e contraindicacións.

84. Na área de elaboración de citostáticos produciuse un derrame, cal das seguintes recomendacións non debería realizar:

- A) Evitar a formación de aerosois.
- B) Illar a área para evitar a dispersión das substancias.
- C) Realizar unha limpeza desde as zonas máis contaminadas ás menos contaminadas.
- D) Realizar unha correcta xestión dos residuos xerados.

85. Acode a urxencias un paciente con epistaxe nasal que require taponamento; o paciente tomou correctamente a dose pautada por hematoloxía de Sintrom; segundo a clasificación de Rawlins e Thompson podemos considerar a hemorraxia como:

- A) Unha reacción adversa a medicamentos Tipo A.
- B) Unha reacción adversa a medicamentos Tipo B.
- C) Unha reacción alérxica.
- D) Non é unha RAM.

86. Juan é un técnico en farmacia que vai prestar asistencia ao farmacéutico na atención ao paciente ambulatorio nun servizo de farmacia hospitalaria galego. Ca! dos seguintes fármacos poderanse dispensar na consulta externa da farmacia de hospital?:

- A) Tenofovir: Antiretroviral empregado no tratamento do VIH.
- B) Pazopanib: Citostático oral empregado no tratamento de distintos tipos de tumores.
- C) Hormona de crecemento.
- D) Todos os anteriores.

87. Unha solución tampón pH 4.01 utilízase para:

- A) A limpeza dun peachímetro.
- B) A calibración dun peachímetro.
- C) A desinfección dun peachímetro.
- D) Todas son correctas.

88. Ao finalizar o proceso de elaboración dunha fórmula maxistral, o farmacéutico responsable da sección de farmacotecnia solicita a nosa colaboración para levar a cabo un control de produto terminado. Segundo o Real Decreto 175/2001, do 23 de febreiro polo que se aproban as normas de correcta elaboración e control de calidade de fórmulas maxistrais e preparados oficinais, cales serían os controis mínimos a realizar?:

- A) Exame dos caracteres organolépticos.
- B) Os establecidos no Formulario Nacional no caso de fórmulas maxistrais tipificadas.
- C) Control de esterilidade.
- D) As respostas a e b son correctas.

89. No laboratorio de Farmacotecnia temos que elaborar un litro dunha fórmula maxistral tópica líquida que está composta por materias primas en estado líquido. Que operacións NON sería necesario realizar?

- A) Pesada en balanza de precisión.
- B) Medida dos volumes en probeta correspondente.
- C) Homoxenización dos compoñentes da fórmula.
- D) Todas son correctas.

90. Para a administración dun colirio debemos dar instrucións claras e explícitas ao paciente para evitar fracaso terapéutico. É falso que:

- A) Debe lavarse as mans antes de calquera manipulación.
- B) Debe instilarse o colirio no punto medio do fondo de saco conxuntival inferior.
- C) Debe instilarse o colirio directamente na córnea.
- D) Se se precisa administrar outros colirios é conveniente espacialos uns cinco minutos para acadar unha adecuada biodispoñibilidade.

91. Entre as descripcións dun blíster troquelado en unidose que se citan a continuación, cal sería o adecuado para cortar en unidades e poder dispensalo sen necesidade de reenvasado?

- A) Renitec 20 mg comprimidos. Enalapril 20 mg. Caducidad 5-2020
- B) Amoxicilina Sandoz 500 mg cápsulas. Lote A8769 . Caducidad: 3-2017
- C) Nolotil 575 mg cápsulas. Metamizol 575mg. Lote: D- 005
- D) Ningunha das anteriores.

92. Durante o proceso de asistencia ao farmacéutico na atención ao paciente ambulatorio recíbese unha orde de dispensación hospitalaria dun inicio de tratamento cun medicamento que o farmacéutico quere comprobar que non interacciona co resto das prescricións activas do paciente. Para iso, o farmacéutico segundo o Real Decreto 1718/2010, do 17 de decembro, sobre receita médica e ordes de dispensación:

- A) Poderá acceder aos datos clínicos necesarios para garantir a efectividade e seguridade da dispensación do medicamento.
- B) Unicamente poderá coñecer os datos clínicos do paciente reflectidos na orde de dispensación hospitalaria.
- C) Deberá contactar co médico prescriptor para que sexa este quen comprobe as interaccións.
- D) O farmacéutico unicamente comunicará ao médico prescriptor as posibles interaccións unha vez que aparezan acontecementos adversos.

93. Na ficha de rexistro de elaboración dunha fórmula maxistral, sinala cal das seguintes afirmacións é incorrecta.

- A) Só é necesario a firma do técnico elaborador.
- B) É necesaria a firma do técnico elaborador e a firma do farmacéutico responsable.
- C) Debe constar o lote e a caducidade de todas as materias primas utilizadas.
- D) Debe constar a descrición completa da fórmula, concentración e cantidade elaborada.

94. Unha solución de omeprazol sódico 0,2% ten un pH de 9, iso significa que é unha solución de carácter:

- A) Ácido.
- B) Básico.
- C) Neutro.
- D) Ningunha das anteriores.

95. Respecto da rotación de produtos almacenados no Servizo de Farmacia (sinale a falsa):

- A) O sistema FIFO é un sistema de rotación de produtos almacenados que establece que os produtos que primeiro ingresan son os que primeiro saen (first in, first out).
- B) O sistema FEFO é un sistema de rotación de produtos almacenados que establece que os produtos que primeiro caducan son os que primeiro saen (first expire, first out).
- C) A orde no cal se recibiron os produtos do laboratorio sempre é a orde da súa data de vencimiento.
- D) Para facilitar a aplicación do procedemento FEFO, coloque os produtos que caducan primeiro diante dos produtos cuxa data de vencimiento sexa posterior.

96. Cando se produce un accidente de traballo é fundamental seguir unha serie de pasos encamiñados a esclarecer o acontecido e evitar que os sinistros se volvan a repetir. O procedemento a seguir é:

- A) Asistir ao accidentado, comunicar o accidente ao superior xerárquico e investigar, notificar e rexistrar o accidente.
- B) Comunicar o accidente ao superior xerárquico, asistir ao accidentado e investigar, notificar e rexistrar o accidente.
- C) Asistir ao accidentado, investigar, notificar e rexistrar o accidente e comunicar o accidente ao superior xerárquico.
- D) Asistir ao accidentado e comunicar o accidente ao superior xerárquico. Non é obrigatorio notificar e rexistrar o accidente.

97. Para a elaboración dunha solución oral para un paciente pediátrico, cal das seguintes operacións NON é necesario realizar?:

- A) Esterilización.
- B) Liofilización.
- C) Evaporación.
- D) Ningunha das anteriores.

98. Ao recibir un pedido do laboratorio no servizo de farmacia, debemos revisar a caducidade dos medicamentos. Sinale a falsa:

- A) A data de caducidade vén indicada por mes e ano.
- B) O lote indícase mediante letras e números que dan a coñecer a data e outros datos sobre o proceso de fabricación.
- C) Caducidade: 05/2017, significa que o medicamento caduca o día 1 de maio de 2017.
- D) A información sobre lote e caducidade figura tanto na cartonaxe como no envase (frasco, blíster, tubo...).

99. Como considera vostede que pode contribuír ao programa de mellora da calidade na atención ao paciente crónico e polimedicado?

- A) Detectando erros de medicación.
- B) Se detecto unha duplicidade dun tratamento non teño que facer nada porque é responsabilidade do médico e do farmacéutico.
- C) Educando a pacientes e poboación, exemplo: non acumular medicación innecesaria.
- D) A e C son correctas.

100. Un paciente con profilaxe de enfermidade tromboembólica debe inxectarse unha heparina de baixo peso molecular. Terá en conta que:

- A) A inxección debe ser subcutánea.
- B) A inxección debe ser intravenosa.
- C) A inxección debe ser intradérmica.
- D) A inxección debe ser intradural.

101. Durante o proceso de asistencia á dispensación de medicamentos en ensaios clínicos, veñen á consulta de farmacia a recoller medicación os seguintes grupos de pacientes, a cal deles nunca podería dispensarlle un medicamento en investigación?:

- A) Menores de idade.
- B) Mulleres embarazadas.
- C) Suxeitos incapaces.
- D) Poderían dispensárselle a todos os grupos anteriores se se cumpren todas as condicións recollidas na lexislación vixente.

102. Que tipo de substancias non deberían manexarse nunha cabina de fluxo laminar onde se elaboran preparacións estériles?

- A) Solucións lipídicas.
- B) Solucións alcólicas.
- C) Materias primas en po.
- D) Ningunha das anteriores.

103. Pedro obtivo recentemente o título de técnico en farmacia e decide acudir aos Colexios Oficiais de Farmacéuticos galegos para obter información da bolsa de traballo. A cantos Colexios Oficiais de Farmacéuticos podería acudir en Galicia se quixese obter información de todos os Colexios da Comunidade Autónoma?

- A) Catro: A Coruña, Lugo, Pontevedra e Ourense.
- B) Seis: A Coruña, Lugo, Pontevedra, Santiago, Ourense e Vigo.
- C) Un: Só existe un Colexio Oficial de Farmacéuticos na Comunidade Autónoma.
- D) Sete: A Coruña, Betanzos, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago, Tui.

104. O farmacéutico pídenos que revisemos o envase ou calquera forma de acondicionamento que se atopa en contacto directo cun determinado medicamento, refírese ao:

- A) Acondicionamento secundario.
- B) Etiquetaxe.
- C) Acondicionamento primario.
- D) Embalaxe.

105. A que tipo de fórmulas maxistrais tipificadas sería necesario realizar o control de uniformidade de masa?

- A) Xaropes.
- B) Cápsulas.
- C) Colirios.
- D) A todas as anteriores.

106. A medida máis eficaz de prevención da gripe é:

- A) Tomar como profilaxe antivirais.
- B) Vacinación anual a grupos de poboación con alto risco de sufrir complicacións en caso de padecer a gripe.
- C) Vacinación a persoas en contacto cos grupo de risco de sufrir complicacións, exemplo; persoal de centros sanitarios.
- D) B e C son correctas.

107. A un paciente portador de sonda nasogástrica dáselle a alta a domicilio. Á hora de administrar os fármacos por sonda, a forma farmacéutica máis axeitada como norma xeral é:

- A) A forma farmacéutica líquida, tendo en conta que para osmolaridades maiores a 500 mOsm/L deben diluírse en 30 mL de auga.
- B) Pode administrarse calquera forma farmacéutica.
- C) Debería escollerse outra vía de administración de fármacos.
- D) Todas as respostas anteriores son incorrectas.

108. Cal é o principal órgano relacionado co metabolismo de fármacos?

- A) Ril.
- B) Pulmón.
- C) Intestino delgado.
- D) Fígado.

109. Ao servizo de farmacia hospitalaria chega a seguinte prescrición médica: Cefazolina c/8 horas IV. Atendendo á seguridade do paciente:

- A) Falta especificar a dose exacta para cada administración.
- B) Administraráselle 3 gramos de Cefazolina ao día.
- C) Falta especificar a frecuencia de administración.
- D) Enviaría a presentación de 2 gramos para que a enfermaría administra o que precise.

110. Unha muller de 50 anos entra dentro do programa de detección precoz de cancro de mama, debe facerse un exame clínico e unha mamografía. Qué tipo de prevención de saúde é?:

- A) Prevención primaria.
- B) Prevención secundaria.
- C) Prevención terciaria.
- D) Prevención cuaternaria.